

CONSERVACIÓN DA PAISAXE E PRODUCCIÓN ALIMENTARIA EN ZONAS DE  
MONTAÑA: UNHA EXPERIENCIA APOIADA POLAS MEDIDAS  
AGROAMBIENTAIS<sup>1</sup>

TRABALLO APRESENTADO PARA O V COLÓQUIO HISPANO –PORTUGUÊS DE  
ESTUDOS RURAIS  
BRAGANÇA 23-24 OUTUBRO 2003

ÁREA TEMÁTICA C: RECURSOS NATURAIS E PRODUÇÃO AGRO-ALIMENTAR  
NUMA EUROPA ALARGADA.

Ana Isabel García Arias  
Universidade de Santiago de Compostela  
Escola Politécnica Superior  
R/Benigno Ledo s/n  
27002 Lugo-España  
[anaiga96@lugo.usc.es](mailto:anaiga96@lugo.usc.es)

**RESUMO:**

Desde a reforma de 1999 a Política de Desenvolvemento Rural da U.E. obriga aos Estados Membros a adoptar programas agroambientais. Ademais a reforma proposta no marco da Axenda 2000 reforzou a importancia dada ás medidas agroambientais dentro do segundo pilar da PAC, cando menos sobre o papel. Estas medidas teñen sido utilizadas por parte dos Estados Membros perseguindo diferentes obxectivos. Diversos traballos ilustran a diversidade de situacións entre as que destacamos aquelas que tratan de mitigar o conflito xurdido entre a conservación de espazos naturais e a produción agrícola ou gandeira. En ocasións os programas agroambientais teñen servido para compensar aos produtores pola perda de ingresos derivada do abandono de certas prácticas. Noutras, as axudas agroambientais son aplicadas baixo a óptica de compensar aos produtores polas externalidades positivas derivadas da súa actividade e que corren o perigo de desaparecer.

O presente traballo ocúpase dun exemplo deste último caso. Analiza unha das medidas agroambientais implantadas na Comunidade Autónoma Galega, Conservación da Paisaxe en Sistemas Extensivos de Pastoreo, centrándose nas actitudes e resposta dos axentes implicados, nomeadamente gandeiros, e nos potenciais beneficios ambientais conseguidos. A metodoloxía utilizada baséase na explotación cuantitativa dos datos económicos do programa e na análise dunha enquisa feita entre os beneficiarios do mesmo.

**PALABRAS CHAVE: MEDIDAS AGROAMBIENTAIS, DESENVOLVIMENTO RURAL, SISTEMAS GANDEIROS EXTENSIVOS.**

---

<sup>1</sup> Este traballo forma parte do proxecto de investigación “Cambio estrutural y políticas agrarias : el caso de los sistemas agrarios especializados en olivar, cultivos herbáceos y ganadería bovina” dirixido por Eladio Arnalte e financiado polo Ministerio español de Ciencia e Tecnoloxía.

## Introducción:

As medidas agroambientais forman parte do paquete de medidas de acompañamento dende a reforma da PAC de 1992 reforzándose o seu papel na reforma do Regulamento de Desenvolvemento Rural de 1999<sup>2</sup>. Os obxectivos xerais das medidas de acompañamento eran diminuír a produción ao mesmo tempo que se buscaban alternativas á renda dos agricultores que lles permitisen seguir habitando o rural. En concreto, as medidas agroambientais pretendían combinar a devandita redución da produción agraria co mantemento das rendas, o desenvolvemento do mundo rural e a protección da Natureza. Trátase de axudas directas voluntarias que os agricultores perciben se asinan un compromiso durante cinco anos que lles obriga a unha serie de prácticas deseñadas especificamente por cada programa.

En 1998 aprobáranse 158 programas agroambientais en todo o territorio comunitario, acollendo algo máis de 28 millóns de ha.<sup>3</sup>, segundo a Comisión, o que representa un 21,6 % da superficie agraria total da U.E.. A axuda media por ha era neste mesmo ano de 99 euros. En España neste mesmo ano e segundo a mesma fonte estaban acollidos 36.540 beneficiarios e 925.813 ha<sup>4</sup>, sendo a axuda media de 82 euros/ha.

---

<sup>2</sup> Reg (CE) 1257/1999.

<sup>3</sup> [http://europa.eu.int/comm/agriculture/agrista/2001/table\\_en/en362.htm](http://europa.eu.int/comm/agriculture/agrista/2001/table_en/en362.htm)

<sup>4</sup> O que representa o 2% dos beneficiarios e o 3.3% da superficie acollida en programas agroambientais na Europa dos 15.

A utilización que os estados membros fixeron destas medidas foi dispar atendendo ás distintas prioridades pero tamén ás distintas tradicións nas prácticas e nas políticas agrarias e ambientais<sup>5</sup>. Tamén a aplicación das medidas dentro de cada país difire dunha rexión a outra especialmente naqueles estados membros que optaron por unha aplicación zonal e non horizontal dos programas como España.

O Reg (CE)2078/92 comezou a aplicarse en Galiza en setembro de 1996 con catro medidas: unha horizontal, de fomento de razas autóctonas en perigo de extinción, e outras tres propias da comunidade autónoma e de carácter zonal: a) Protección integrada de viñedos mediante métodos biotecnolóxicos, b) Conservación do medio paisaxístico e loita contra a erosión en viñedos da Ribeira Sacra e, c) Conservación da paisaxe e prevención da erosión en sistemas extensivos de pastoreo. É a aplicación desta última na Comunidade Autónoma Galega o noso obxecto de estudo neste traballo.

Os Montes Veciñais en Man Común (m.v.m.c.) de toda a Comunidade Autónoma constitúen a superficie obxectivo da liña de actuación que imos analizar. Estas superficies común son asimilables aos “baldíos” en Portugal. Trátase dunha forma de propiedade colectiva típica de Galiza<sup>6</sup> que ten un elevado peso sobre a totalidade do territorio posto que constitúen o 22,8% da superficie total galega<sup>7</sup>. Esta superficie presenta un alto grado de abandono que resulta ser

---

<sup>5</sup> Buller, H.; Wilson, G.; Höll, A. (2000), cap. 12. Para unha revisión da aplicación no Estado Español ver Garrido Fernández, F. (1999).

<sup>6</sup> Esta figura áchase xuridicamente regulada pola Lei 13/1989 de Montes Veciñais en Man Común e polo seu Regulamento establecido no Decreto 260/1992.

<sup>7</sup> Existen importantes diferencias provinciais que van dende o 5,6% da superficie da provincia de A Coruña, a que menor presenza de m.v.m.c. presenta, ate o 38,7% e 30% de Ourense e Pontevedra respectivamente.

unha das causas da proliferación de incendios forestais nestas zonas. Na superficie utilizada compiten na actualidade os usos gandeiros e forestais.

Os potenciais beneficiarios son polo tanto territorios de alta montaña con elevados problemas de desertificación humana, envellecemento<sup>8</sup>, ausencia de renovación demográfica, deficiencias de infraestructuras, marxinalidade económica e social etc. Os problemas ambientais destas zonas derívanse precisamente das deficiencias apuntadas. Como dixemos antes os incendios son cecais, o problema ambiental máis grave tanto pola superficie queimada como pola repetición deste fenómeno verán tras verán co que se agravan os fenómenos de erosión, perda de biodiversidade e perda de fertilidade do solo que levan aparelados, especialmente en área en pendente.

## **Metodoloxía da investigación**

Para esta comunicación revisáronse as fontes de datos xerais do programa como: número de beneficiarios, montante subvencionado e superficie acollida. Atopámonos con que as cifras non eran iguais dependendo da fonte utilizada, así que optamos por asumir aqueles datos que nos ofrecían maior credibilidade en función do traballo de campo que fixemos posteriormente.

Para o estudio dos beneficiarios do programa de “Protección contra a erosión e conservación da paisaxe en sistemas extensivos de pastoreo” elaboramos un inquérito que nos permitise caracterizar socioeconómicamente os montes acollidos e que, ao mesmo tempo, puidese

---

<sup>8</sup> A media de idade dos titulares de explotacións bovinas nos concellos acollidos ao programa é de 53 anos.

mostrar as actitudes dos comuneiros fronte á conservación do pastizal e a conseguinte preservación da paisaxe. Obtivemos unha mostra de forma aleatoria que representa o 47% da poboación total. Este inquérito estaba dividido en cinco bloques de preguntas sobre:

1 Características socioeconómicas do monte: superficies, número de comuneiros, cabezas de gando, adicación principal, estrutura de idades dos comuneiros, etc. Traballamos coa hipótese de que existía unha diferenza entre as dúas principais rexións de aplicación do programa.

2. Desenvolvemento do programa agroambiental : onde tratamos de avaliar o grado de satisfacción xeral co funcionamento do mesmo.

3. Sensibilización ambiental: onde tratamos de medir se o programa sensibilizou aos beneficiarios do valor ambiental do entorno, e cales son as actitudes dos beneficiarios fronte ao discurso que disocia produción e conservación.

4. Entorno e Innovación: aquí pretendíamos medir a capacidade do programa para inducir cambios ou innovacións no manexo das explotacións.

5. Cuestións económicas: onde preguntamos sobre a satisfacción dos beneficiarios con respecto á cuantía das axudas.

Os informantes elixidos foron os presidentes das comunidades de montes. Estes ofrecían a vantaxe de estar familiarizados coa tramitación das solicitudes e da marcha do programa e de coñecer a situación da maioría dos comuneiros para cada monte.

Para finalizar debemos aclarar que esta é unha investigación en curso de realización polo que as conclusións que presentamos son aínda provisionais.

## **Descrición do programa e análise dos datos económicos:**

Coa intención de que se comprendan algúns dos resultados que logo mostramos na análise do traballo de campo, pasamos a describer o programa e os seus obxectivos. Estes tal e como se redactaron na Orde de 4 de setembro de 1996 eran: “manter os pasteiros de montaña de uso comunal que tradicionalmente foron pastoreados polo gando vacún, ovino ou cabalar, co fin de controlar a vexetación arbustiva, contribuír ao equilibrio ecolóxico da flora e fauna autóctonas e ao emprego de razas autóctonas axeitadas a este sistema de pastoreo, revalorizar a paisaxe da contorna destas zonas e permitir o sostemento dunha poboación rural en constante abandono e finalmente, prevír os incendios e a erosión producida pola desaparición da cuberta vexetal nas zonas de ladeira”.

Os requisitos que as comunidades de montes debían cumprir para poder ser beneficiarias destas axudas son os seguintes:

1) Dispor dunha superficie de pastos de uso comunal, cercada perimetralmente na súa totalidade e que poderá comprender: a) superficie de pasto cun aproveitamento adicional para sega e conservación de alimentos para inverno, cercada perimetralmente que non supere o 50% do terreo incluído no programa; b) superficie de pasto cun control por sega mecánica dos rexeitos e rebrotes de mato; c) superficie cun control da vexetación unicamente mediante pastoreo que non supere o 80% do terreo. Non se poderá incluír no programa a superficie de monte con mato no que este cubra máis do 70% da superficie do terreo.

- 2) Realizar un programa de conservación, manexo, aproveitamento e pastoreo para cada tipo de superficie antes citado por un periodo mínimo de cinco anos aprobado pola administración.
- 3) Manter unha carga gandeira maior de 0,3 UGM/ha e menor de 1,5 UGM/ha. As axudas por hectárea serían de 15.000 ptas/ha. para superficies de alimentos conservados, 10.000 ptas/ha. para superficies con control de sega mecánica, e 3.000 pts/ha. para superficies con control por pastoreo.

O primeiro periodo de aplicación estendeuse de 1997 a 2001. En 2002 iníciase unha nova etapa para os programas agroambientais en Galiza, ampliando as liñas de actuación e dándolle un novo impulso. De momento, só tivemos acceso aos datos de 1997 a 2000 que pasamos a analizar.

### **Táboa 1. Conservación da paisaxe e prevención da erosión en sist. ext. de pastoreo.**

#### **Principais Resultados.**

	<b>1997</b>	<b>1998</b>	<b>1999</b>	<b>2000</b>
Subvención Aprobada (Euros)	193.399,1	216.299,1	224.669,8	228.492,3
Nº MONTES	55	62	64	64
SUPERFICIE (Ha) (*)	4.268,7	5.117,0	5.266,9	5.277,5
Subvención por ha	45,3	42,3	42,7	43,3
Superficie subvencionada media por monte	77,6	83,9	82,3	82,5

Fonte: Elaboración propia a partires de datos do ILGGA (Consellería de Agricultura) e dos Anuarios de Estatística Agraria.


(\*) A superficie do ano 2000 está estimada para a provincia de Ourense.

Como vemos o número de montes acollidos quedou practicamente definido dende o principio xa que apenas se incrementaron nun 16% máis nestes catro anos. Só abandonaron o programa dous montes, un en 1998 e outro en 1999, rompendo así o compromiso de cinco

anos que leva aparelado todo programa agroambiental. Observamos que a subvención por ha é escasa e que mesmo descende en media nestes catro anos. Isto débese á incorporación de novas superficies do tipo c), o menos subvencionado.

A previsión de gasto definitiva para este programa foi de 200 millóns de pesetas para o período 1997-2001, é dicir 1.202.024,21 euros. No ano 2000 levábase executado o 71,8% do previsto.

**GRÁFICO 1: Concellos beneficiarios da medida de “Conservación da paisaxe e prevención da erosión en sist. ext. de pastoreo”.**



**Táboa 2. “Conservación da paisaxe e prevención da erosión en sist. ext. de pastoreo”. Distribución por provincias para o ano 2000 e peso sobre o total de MVMC.**

Provincia	Nº MVMC	Superficie MVMC (has)	% nº /Total	% Sup./Total
A Coruña	239	44.263	0,42%	0,17%
Lugo	904	21.3228	6,64%	2,28%
Ourense	1.052	281.296	0,10%	(*)0,09%
Pontevedra	640	134.895	0,31%	0,07%
Total Galicia	2.835	673.681	2,26%	0,78%

Fonte:Elaboración propia a partir de Base de datos IDEGA-MVMC e Datos ILLGA

(\*) A superficie do ano 2000 está estimada para a provincia de Ourense.

A práctica totalidade dos montes sitúanse na provincia de Lugo coa excepción de catro. A razón está en que son as zonas onde previamente tivo maior implantación o programa de “Ordenación de pastos fóra de cuberta en m.v.m.c.” iniciado en 1984 e rematado en 1991 ao que seguiu a medida de “Mellora e ordenación de superficies incultas e infrautilizadas”<sup>9</sup> dende 1994, e que en gran medida van explicar algúns dos resultados obtidos no traballo de campo. Ademais a orientación productiva gandeira da provincia favorecía este uso, xa que as explotacións dependen máis da ampliación da súa base productiva e adicar o comunal para estes usos mellora os seus rendementos. Pero existe unha última razón para este desequilibrio que se atopa no escaso interés da administración das demais provincias por este programa. A presenza na delegación de Lugo de traballadores da antiga oficina de “Desenvolvemento Gandeiro” fraguou este interés, primeiro pola implantación de pastos e despois pola protección dos mesmos a través do programa agroambiental.

<sup>9</sup> O 47,5% das superficies acollidas a este último programa atopábanse na provincia de Lugo así como o 73,4% dos montes.

Con respecto ao peso que esta medida tivo no programa agroambiental, podemos dicir que representou entre 1997 e 1999 o 5,4% das solicitudes do programa agroambiental galego, o 42,4% da subvención aprobada e o 40,9% dos pagos realizados.

A última columna da Táboa 2 debe mirarse con precaución xa que estamos estimando a superficie subvencionada sobre o total de superficie en man común. Para analizar o impacto real deberíamos ver o peso da superficie acollida sobre o a superficie total acollible no conxunto dos mvmc., dato que descoñecemos. Aínda así, debemos concluír que o impacto territorial da medida foi escaso no período analizado aínda que como veremos máis adiante o impacto nas comunidades de montes acollidas foi positivo.

Unha idea máis aproximada do impacto pode dárnola a comparación entre o programa de “Mellora e Ordenación de Superficies fóra de Cuberta” e o programa agroambiental. Este último cubre o 65,3% dos montes acollidos ao primeiro programa citado e o 70% da superficie. Se ben é certo que non tódalas superficies acollidas ao programa agroambiental estiveron antes no programa de pastos, podemos supoñer que son a grande maioría a xulgar polos resultados do traballo de campo.

## **Potenciais beneficios ambientais e sociais do programa**

Os beneficios potenciais do programa son tanto ambientais como sociais. Ambolos dous están intimamente relacionados xa que a extensificación nestas zonas reduce o traballo especialmente cando o gando permanece no monte todo o ano. Ademais, o feito de que no momento da implantación do pastizal os veciños aportasen traballo e que as labores de

mantemento segan sendo un traballo común axuda a incrementar a valoración do monte por parte da comunidade.

Por outra banda, a utilización permanente do pastizal permite substituír as antigas queimas para conseguir pasto e, deste xeito, diminuír o risco de incendios forestais ao tempo que os pastos exercen a función de cortalumes. Cabe engadir que a permanencia de animais no monte favorece a fertilización do solo.

Xa en termos productivos, a utilización e conservación do pastizal permite a ampliación da base productiva das explotacións, reducindo o recurso á alimentación a base de pienso e polo tanto reducindo os custos de produción. No caso da introducción de cabras o acceso á política de primas supón un incremento importante dos ingresos por familia. Asegurar a permanencia das explotacións é un dos obxectivos que debe ser perseguido, especialmente nestas zonas onde non existen fontes de renda alternativas que permitan fixar a poboación nas zonas rurais. O abandono levaría á unha maior proliferación de incendios e á perda deste tipo de paisaxe rural.

## **Caracterización dos beneficiarios**

Dos 64 montes veciñais en man común que entre 1997 e 2000 se viron beneficiados por esta medida dentro da Comunidade Autónoma Galega, contestaron 30 presidentes de comunidades de montes ao cuestionario que elaboramos. Destes 30, 21 estaban situados na zona interior e 9 na parte septentrional da provincia de Lugo e no norte da provincia de A

Coruña. O noso obxectivo era caracterizar socioeconómicamente estas comunidades así como estudar as actitudes dos comuneiros fronte ao programa e fronte ao ambiente en xeral.

Os montes da mostra teñen unha superficie media de 582,9 has e unha superficie media subvencionada de 111,7 has. O nº medio de comuneiros é de 16,5 e o grado de utilización medio do monte por parte dos comuneiros sitúase no 77,6%. Debemos aclarar que ten dereito a ser comuneiro toda aquela persoa residente na parroquia a onde pertence o monte, aínda que non se beneficie do mesmo. Este grado de utilización varia segundo a zona lixeiramente. Por exemplo, na zona septentrional onde os montes son maiores (1.097,3 has de superficie media) e teñen un número medio de comuneiros máis elevado (36,9) o grado de utilización é tamén maior 86,9% fronte ao 73,4% do interior.

Todos os montes da mostra teñen como adicación principal a gandería, na súa maioría vacún aínda que 4 manteñen unicamente ovellas e están situados no interior. Na zona septentrional dos 9 montes existentes na nosa mostra 8 manteñen cabalos ademáis do gando vacún e 2 vacas, cabalos e ovellas. Cabe dicir que esta é unha zona onde tradicionalmente mantíñase este tipo de gando no monte en pastoreo libre. Ademáis, todos os montes da mostra excepto 2 teñen plantacións forestais no monte. Nos montes da zona septentrional 3 combinan os usos gandeiro e forestal coa existencia de parques eólicos, ademáis de un cuarto que tamén conta con parque eólico pero non ten plantación forestal. No interior non se teñen instalado este tipo de parques e tan só un monte declara combinar os usos gandeiro e forestal co labradío.

Xa temos comentado que este programa superponse con outro anterior para a transformación de pastos en zonas fóra de cuberta. Pois ben, esto vese ratificado xa que na mostra todos os montes fixeron transformación de pastos ben antes do programa ambiental ou ben simultaneamente (13,4%). Isto explica a confusión que se rexistra entre os dous programas por parte dos beneficiarios como veremos máis adiante.

A estrutura media de idades dos comuneiros non difire significativamente entre zona septentrional e interior. O 22,3% ten menos de 40 anos. A maioría ten entre 41 e 55 anos (o 47,6%) e o 13,6% ten máis de 65 anos. Non obstante, ou quizais porque aínda moitos dos comuneiros son relativamente novos, só o 33,3% dos presidentes de montes entrevistados declarou que gran parte dos comuneiros tiñan sucesor.

A maioría dos comuneiros declara vivir na explotación aínda que en moitos casos manteñan outras actividades profesionais paralelas á agricultura.

Con respecto ao desenvolvemento do programa de conservación da paisaxe, queríamos comprobar que efectivamente os beneficiarios eran conscientes de por qué se lles daba a axuda. Efectivamente só o 46,6% dos entrevistados demostraron coñecer a motivación. A confusión é fácil se pensamos que se trata de un programa superposto sobre o outro, xa citado, de finalidade última diferente pero de medios similares, a conservación e mantemento do pastizal. Ademáis, o feito de que o programa agroambiental permita utilizar abonos non nitrogenados, fixo que en moitos destes montes utilizasen a axuda para abonar cando antes

non o facían. De ahí que algúns identifiquen a axuda do programa como “os cartos do mineral”.

Do mesmo xeito, detectamos que o 50% dos entrevistados non eran conscientes dos compromisos aos que lles obrigaba o programa. Isto non quere dicir que os incumplan posto que a maioría declarou seguir as instrucións do técnico. A pesares diso o 86,6% declara recibir suficiente información e só 3 entrevistados declaran ter dificultades co cumprimento dos compromisos derivadas nun caso do tipo de fertilizante, noutro da necesidade de cercar (que é un compromiso do programa de transformación de pastos) e no terceiro da necesidade de manter maior superficie para a sega.

Todos coñeceron a existencia do programa a través do técnico da consellería que lles visitou coa excepción de un monte que declara se informou na organización profesional á que pertence. Só 2 montes atoparon dificultades na tramitación das axudas relacionados coa distancia para arregar os papeis. A maiores un presidente comentounos dificultades para convencer ao resto de comuneiros que non teñen vacas de manter o pastizal.

Con respecto á motivación que lles levou a integrarse no programa agroambiental a gran maioría reconece que foi ou ben por recomendación do técnico (5) ou ben por motivos económicos (8) ou ben por ambas dúas cousas (12). As motivacións de tipo ambiental como a prevención dos incendios ou a conservación da paisaxe aparacen tan só en 5 casos aínda que ligados a motivacións económicas en 4 do mesmos.

Finalmente a maioría excepto 2 manifestaron a intención de continuar no programa para os seguintes 5 anos e únicamente 6 declararon que abandonarían o pastizal sen a axuda. Aínda así, 8 atoparon que non tiñan máis remedio que manter o pastizal se querían seguir vivindo do gando. Sen a axuda atoparían máis dificultades especialmente para abonar, é dicir, abonarían menos e finalmente 1 faría menos sega.

Outro dos obxectivos da enquisa era poder detectar os cambios inducidos polo programa no manexo do pastizal. Non é extraño que os entrevistados non sinalen grandes cambios en canto a organización do traballo, cantidade de traballo ou gastos, xa que as prácticas que mantiñan xa eran, na maioría, compatibles co programa agroambiental. Un 20% cambiou o tipo de fertilización, un 17% incrementou o adubado e tan só un 3% (1 caso) declara ter diminuído o mesmo. Con respecto ao cercado, ao ser este un requisito do programa de transformación de pastos todos o cumprían. So un 10% dos entrevistados declara que mellorou o mantemento.

A axuda media por monte e ano para os 30 montes da mostra é de 4.135 euros a axuda media por ha de 61,9 euros/ha/ano. Neste caso existe unha forte diferenza entre zona septentrional e interior sendo inferior a axuda media na zona septentrional debido ao tipo de superficies coas que contan (mato). A maioría dos entrevistados declara que as axudas incrementaron a rendibilidade do monte pero a metade considera que son insuficientes. Uns consideran que deberían cubrir a fertilización e outros queixanse de que non chega nin para costear a metade do mantemento do pastizal. Só 2 declararon que as axudas lles parecían insuficientes en relación ao valor social e ambiental do monte.

Preguntamos sobre que uso lle darían ao monte se non existisen limitacións administrativas nen axudas. Con elo pretendíamos indagar na valoración que os beneficiarios facían do uso actual do monte. O 73,6% responderon usos relacionados coa gandería. En concreto, no 40% dos casos a resposta foi pastos con arborado (que é o uso actual na maioría dos montes), só un 33% respondeu gandería únicamente e só un 9,9% dos casos manifestou que preferiría un uso forestal (3,3%), arborado natural (3,3%) ou ámbolos dous (3,3%).

Tamén preguntamos que lles parecería se a administración lles pagase por manter a paisaxe pero a cambio de que non producisen. A resposta foi maioritariamente que non lle atopaban lóxica a deixar de producir. Un 26,7% respondeu que sería mellor complementar unha axuda dese tipo coa produción, mentres que a un 10% lles parecería moito mellor e outro 10% manifestou que xa mantiñan a paisaxe e o ambiente e boas condicións mantendo o gando e producindo.

## **Conclusiones**

A escasa provisión de fondos para este programa xa deixaba ver ao inicio do mesmo que a súa repercusión neste primeiro período de aplicación non iba ser moi importante. En efecto, a subvención media por ha é pequena<sup>10</sup> e o número de montes e superficie acollidos son escasos en comparación co total existente na comunidade autónoma galega. Aínda así, e sendo conscientes de que a medida de implantación de pastos non tivo un impacto territorial elevado, a acollida do programa agroambiental pode ser cualificada como éxito se o medimos

---

<sup>10</sup> O 61% da media europea e o 75% da media española.

en relación aos montes que estiveran anteriormente acollidos ás devanditas medidas. Ademais a gran maioría decide continuar no programa para os seguintes cinco anos.

O traballo de campo ofrece luces e sombras na valoración final do programa. O feito de que non se introduciran cambios significativos no manexo con algunha excepción, indica que foi un programa que serve especialmente para manter a externalidade positiva que supón o mantemento do pastizal<sup>11</sup> e da poboación nestas áreas así como a prevención contra incendios. Nestas zonas marxinais, onde existen suficientes incentivos para abandonar (deficiencia de infraestructuras, falta de outras oportunidades de traballo á marxe da agricultura, dureza das condicións de vida, etc.) de non existir apoios como a axuda agroambiental e outras primas á gandería, é probable que moitos desistisen de manter a explotación e emigrasen a medio prazo<sup>12</sup>. De feito, moitos xa só manteñen o gando como actividade secundaria que compatibilizan con outros traballos nos núcleos urbanos. Isto é posible gracias ao manexo que se fai do gando que permanece no pastizal todo o ano. A axuda para o mantemento do pastizal lles permite ter un incentivo para continuar vivindo na zona.

---

<sup>11</sup> En 1997 a Comisión realizou un informe sobre a aplicación do Reg. 2078 no que se agrupaban as medidas de axuda en tres categorías<sup>11</sup>: 1. Agricultura productiva beneficiosa para o ambiente, a súa vez dividida en: 1.a) agricultura ecolóxica, 1.b) agricultura non ecolóxica con repercusións positivas para o medio ambiente e 1.c) mantemento dos sistemas de baixa intensidade xa existentes. 2. Xestión de terras non destinadas á produción (fomento da conservación ou restauración de hábitats, biotopos e paisaxes agrícolas, retirada de terras a 20 anos e acceso público). 3. Proxectos de formación e demostración. O programa galego de conservación de pastos encadraríase dentro da categoría 1.c).

<sup>12</sup> Hai que ter en conta que segundo Sineiro et al.(2003) o 49,2% das explotacións de bovino galegas non son viables economicamente aínda que si contan con sucesor a medio prazo. Esa mesma análise feita para tres concellos da montaña de Lugo onde están situados parte das superficies por nós estudadas (Cervantes, As Nogais e Pedrafita) ofrece unha porcentaxe do 63,8%.

A elo contribuiu o feito de que a escasa axuda económica lles permita seguir fertilizando e polo tanto incrementar a produtividade e mellorar os resultados económicos da súa explotación. Isto en principio parece un contrasentido cunha axuda agroambiental, non obstante a fertilización é necesaria nestas zonas (a alternativa era non abonar en absoluto) e o que se controla é o tipo de abono utilizado.

Na outra cara da moeda o programa non contribuiu a crear conciencia do valor ambiental da paisaxe dende o momento en que os beneficiarios non son conscientes de porqué se lles dá esa axuda. A confusión co programa de implantación de pastos é total. O pastizal é valorado sobre todo pola súa función productiva, non obstante apreciamos unha tendencia conservadora en canto á preferencia pola paisaxe existente combinando usos forestais, pastos e arborado natural.

O dito sitúanos dentro do noso entorno xa que nos estados da Unión con agriculturas menos desenvolvidas aplícanse medidas tendentes a evitar o abandono das terras agrícolas asegurando a pervivencia de prácticas agrarias tradicionais positivas para a conservación do ambiente pero tamén tendentes a asegurar a pervivencia de determinados sectores productivos. En España, Francia, Portugal e tamén nalgúns rexións alemáns<sup>13</sup> o concepto de extensificación interpretouse no sentido de manter os sistemas extensivos tradicionais de pastoreo.

Finalmente queremos resaltar que neste caso produción alimentaria e o cuidado do entorno van xunguidos. De cesar a produción a paisaxe de pastos desaparecería e sería substituída

por repoboacións monoespecíficas ou abandonaríanse co conseguinte risco de incendio, perda de fertilidade do solo e erosión dos terreos ante o abandono por parte dos veciños. O mantemento do gando en extensivo no monte contribúe a diminuír este risco e a valorizar o monte.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Buller, H., Wilson, A.G., Höll, A. (ED.) (2000) Agri-environmental Policy in the European Union. Ashgate, 291pp.

Comunidades Europeas, Tribunal de Cuentas (2000). Informe Especial nº 14/2000 sobre la Ecologización de la PAC. Luxemburgo.

Consellería De Agricultura, Gandería E Montes, Ordenes de 4 de Septiembre de 1996 y de 26 de Agosto de 1997.

European Commission, Working Document (1998). State of application of regulation (EEC) nº 2078/92. Evaluation of Agri-environment Programmes. VI/7655/98.

---

<sup>13</sup> Buller et al. (2000) pax 238.

García Arias, A.I. (2000). “Política Agroambiental: cuatro años de aplicación en Galicia” Comunicación presentada ó IV Congreso Nacional de Economía Agraria, Pamplona, 19,20 e 21 de Setembro de 2001.

García Arias, A.I. (2001) “As Medidas Agroambientais e a súa repercusión sobre a produción bovina en Galicia: Unha perspectiva comparada” contribución presentada ao IV Coloquio Hispano Portugués de Estudos Rurais, Santiago de Compostela, Xuño 2001.

Garrido Fernández, F. (1999). Análisis de los discursos, Actitudes y Estrategias de los Agricultores y sus Organizaciones Profesionales ante la Introducción de Métodos de Desarrollo Sostenible en la Agricultura Europea. Tesis Doctoral. Universidad de Córdoba. Sen publicar.

MAPA (1995) Real Decreto 51/1995 de 20 de enero.

Sineiro García, F.; López Iglesias, E.; Lorenzana Fdez., R.; Valdês Paços, B. (2003) “La viabilidad económica y demográfica de las explotaciones de bovino en Galicia”, comunicación apresentada ao V Coloquio Hispano Portugués de Estudos Rurais, Bragança, Outubro 2003.

Viladomiu, L. y Rosell, J. (2000). “Agua y Política Agroambiental: El programa de reducción de regadíos en Castilla la Mancha” en Paniagua Mazorra, A. Ed. (2000) Naturaleza Agricultura y Política Agroambiental en España. Consejo Superior de Investigaciones Científicas. Madrid. Pp 94-114.

